

O Apalpador é un vello xigante, de oficio carboeiro, que vive nas altas montañas. Usa boina, casaco esfarrapado e remendado e aliméntase de landras e xabaríns. Polo Nadal baixa ás aldeas para achegarse aos nenos e ás nenas que durmen. Caladiñamente, apálpalles as barrigas para ver se os rapaces están ben alimentados. De teren a barriga chea, di: "Así, así esteas todo o ano". Logo de desexarlle que no ano vindeiro non pasen máis fame, marcha deixándolles castañas quentes.



“Ceabamos á hora de costume, antes de ir á cama, cando agora se comen as uvas. Fartabámonos de comida porque dicían que, de noite, viña o Apalpador e se estabas cheo, non pasarías fame en todo o ano. Vía a todos, nenos e nenas, e palpaba as barrigas. Deixaba castañas. Eran os ‘reis’ que había”


Fina. Ferramulín (Volta Grande do Courel)




C.E.I.P. SAN ISIDRO
Roseira, 1 Neda (A Coruña) C.P.:15510
Tfno.: 881930404/05 Fax: 881930406
e-mail: ceip.sanisidro@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro>

O APALPADOR






Na montaña lucense, principalmente, nos vales do Cebreiro, Courel, Louzara e Añcares, é onde pervive a figura dun carboeiro vello e rexo que apalpa a barriga dos nenos. Ata hai ben pouco case nada se sabía da figura deste ser mítico: o Apalpador. Está sempre descrito coma un home grande, grosos, barbudo e chega nas noites de Nadal e Fin de Ano.



O conto do Apalpador
Lua Sende e Alexandre Miguens
Ilustracións de Leandro Lamas
Ano: 2009
ISBN: 978-84-936218-6-5
Edita: Edicións da Galiza e A fenada Editora



Antón e o Apalpador
Manuel Castro Lima
e Ma del Mar Ameixeiras Sánchez
Ano: 2009
ISBN: 978-84-613-6466-4;
978-84-614-3320-9
Edita: Barafunda Editorial



O Apalpador e a nena sen medo
Celia Figueiras Rama
Ilustracións: Sonia García
Ano: 2019
ISBN: 978-84-09-15508-8
Edita: Guindastre Edicións



O tesouro do Apalpador
Jorge Rodrigues de Gomesende
Ilustracións: Eva Yusty Campo
Ano: 2014
ISBN: 978-84-617-2799-5
Edita: Autoedición

Esta figura mítica do Nadal galego comparte certa familiaridade con San Nicolás, precursor do Papa Noël europeo, e tamén co Olentzero vasco.



Olentzero

Algunhas ligazóns de interese:



Documento "E há de vir o Apalpador"
(Gentalha do Pichel)



Video musical do Apalpador
(Leandro Lamas e Roberto Grandal)



Video musical do Apalpador
(Paco Nogueiras)

